



**Ilmo Concello de CAMBADOS (Pontevedra)**

## **DECRETO**

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto no artigo 78.2 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria que se celebrará no Salón de Plenos o vindeiro día **27 de xullo, ás 21:00 horas** e no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debater os asuntos relacionados no seguinte:

### **I PARTE RESOLUTIVA**

1º.- Aprobación inicial, se procede, do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalación deportivas de titularidade dom Concello de Cambados.

2º.- Aprobación, se procede, do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Iguadade e Benestar e o Concello de Cambados para a xestión e funcionamento do Centro de Día do Concello de Cambados.

### **II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO**

3º.- Acordo de goberno para reclamar ao SERGAS que dote de máis celadores/as ao Hospital do Salnés.

4º.- Acordo de Goberno en defensa dos colectivos afectados na absorción do Popular-Pastor polo Banco Santander.

5º.- Dar conta da liquidación do orzamento de 2016.

6º.- Dar conta das resolucións da alcaldía

7º.- Rogos e preguntas

Da presente convocatoria, da acta e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Cambados, A Alcaldesa. O Secretario Xeral

Documento asinado electrónicamente.